

IV EDICIÓN. PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE 2024

Nesta cuarta edición participaron un total de **68 candidaturas**, dos que **55 corresponde á categoría profesional e 16 á modalidade de asociacións e pacientes**.

Como na edición anterior, outorgáronse dous premios (primeiro e segundo) en cada unha das modalidades. Na **modalidade de pacientes**, a gañadora foi a proposta presentada por **Alberto Ruibal Ojea** “Asistente Crohn: teu aliado na túa loita diaria”, que ten como obxectivo adquirir unha maior capacidade de autoxestión e autocoñecemento das persoas que padecen a enfermidade de Crohn. O encargado de recoller o galardón foi o propio autor do proxecto.

O **segundo premio** da modalidade de pacientes recaeu sobre o proxecto “Programa de facilitación ó acceso á consulta xinecolóxica para mulleres con TEA”, presentado por **ASPANAES**, cuxa finalidade é favorecer que as mulleres cun trastorno do espectro autista podan acceder ao coidado e vixilancia xinecolóxica igual que o resto das mulleres da sociedade. Recolleu o premio o seu presidente, Ignacio Labella Lozano.

Con respecto a **modalidade de profesionais**, o gañador desta edición foi o “Proxecto VidAped: Videoconferencia na consulta preAnestésica Pediátrica”, presentado por **María Doniz Campos, Mª Jesús Fernández Cebrián e Rafael Pita-Romero Caamaño** que propón a utilización de novos recursos como a videoconferencia para mellorar a prestación de servizos, comezando por doentes pediátricos con diversidade funcional.

O **segundo premio** recaeu na proposta “Cronicidade360: unha ferramenta de saúde en base a IA”, presentado polo equipo formado por **Mónica Martínez García, José Álvaro Fernández Rial, Juan Carlos Piñeiro Fernández e Roi Suárez Gil**. O proxecto proposto é unha ferramenta dixital interactiva para control asistencial domiciliario que fusiona a perspectiva do paciente coa intelixencia artificial para anticipar e detectar descompensacións segundo os resultados en saúde en pacientes crónicos complexos.

CONTIDOS RELACIONADOS

Sanidade celebra a cuarta edición dos Premios de innovación en saúde do sistema público de Galicia

Resolución de concesión dos IV Premios de Innovación en Saúde no Sistema Público de Saúde de Galicia 2024 (procedemento SA304A) 

Convocatoria e bases reguladoras 2024

>